

## ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA E FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNES GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHÉIMER E OUTRAS DEMENCIAS

En Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2016

### REUNIDOS

Dunha banda Marta Capeáns Outeiro con DNI: 78.786.291K, en nome e representación do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, con CIF: Q1569016G, con domicilio na Rúa Dublín nº 6, baixo e CP 15707, Santiago de Compostela .

Doutra banda, Juan Carlos Rodríguez Bernárdez con DNI 36.073.858Z, en nome e representación da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNES GALEGAS DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHÉIMER E OUTRAS DEMENCIAS -Federación Alzhéimer Galicia-, con CIF: G15656739 e domicilio no Centro Cadoiro, Rúa República Chega nº 52, Oficina 2.14., CP 15707, Santiago de Compostela (A Coruña)

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para asinar acordos en nome das entidades que representan teñen conferidas

### EXPOÑEN

**PRIMEIRO.- O COLEXIO OFICIAL DE DIPLOMADOS EN TRABALLO SOCIAL E ASISTENTES SOCIAIS DE GALICIA** é unha entidade colexial regulada pola normativa vixente en materia de colexios profesionais e, especificamente, polo Decreto 54/2005, do 24 de febreiro, do 24 de febreiro, de aprobación dos estatutos do Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (DOG nº 62 do 1 de abril de 2005), de acordo co cal son os seus fins esenciais:

- Ordenación do exercicio da actividade profesional.
- Representación exclusiva da profesión na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Observancia dos principios xurídicos, éticos e deontolóxicos.
- A formación permanente das persoas colexiadas.
- Defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas.

E entre as súas funcións más salientables están:

- Exercer a representación que establezan as leis.
- Colaborar coas Administracións Públicas e outras entidades en relación coa disciplina do Traballo Social.
- Promover a participación activa, fomentando o asociacionismo.
- Perseguir e denunciar o intrusismo profesional, así como a ilegalidade no exercicio da profesión.
- Procurar a harmonía e colaboración entre as persoas colexiadas.

- Desenvolvemento de servizos e actividades que redunden nunha mellora da calidad da intervención social.

**SEGUNDO.-** A misión da Federación Alzhéimer Galicia é mellorar a calidad de vida das persoas que sufren Alzheimer e outras demencias e dos seus coidadores. Para elo a Federación Alzhéimer Galicia traballa en fortalecer ás Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias (AFAS) galegas e colaborar en xerar cambios na sociedade a favor destas persoas e dos seus coidadores. Entre os seus obxectivos atópanse os seguintes:

1. Representar e ser portavoz do conxunto de Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia, nas cuestións que sexan competencia federada.
2. Promover o desenvolvemento e cumprimento dos fins das asociacións integradas na Federación Alzhéimer Galicia
3. Defender os dereitos e o cumprimento dos deberes das distintas asociacións federadas, sen prexuízo da lexitimación que corresponde a cada unha delas.
4. Prestar a todas as asociacións federadas asesoramento e axuda nos temas vinculados ós fins da Federación.
5. Promover actuacións destinadas a mellorar a situación das familias e unha mellor atención ós enfermos.
6. Reclamar das autoridades e organismos públicos a creación dunha infraestrutura de apoio (psicolóxico, axuda a domicilio...) ás familias e unha atención continuada, integral e interdisciplinaria para cos enfermos.
7. Reclamar a creación de centros específicos para a atención destes enfermos.
8. Promover a realización por parte da Administración Pública dun censo de enfermos de Alzhéimer existentes en Galicia.
9. Desenvolver actividades de sensibilización social respecto á problemática que esta enfermidade provoca.
10. Colaborar con outras organizacións semellantes, provinciais, autonómicas, estatais ou doutro país, que participen total o parcialmente dos fins desta Federación, en aquellas cuestións que sexan de interese mutuo.

**TERCEIRO.-** Que ambas entidades comparten que os e as profesionais do traballo social teñen un papel relevante no traballo de prevención, promoción e atención ás persoas maiores, como profesionais de referencia no Sistema de Servizos Sociais e que é imprescindible o desenvolvemento dunha rede pública especializada na atención ás persoas maiores, das persoas cunha demencia neurodexenerativa e das familias coidadoras de persoas dependentes polo que resulta de interese para ambas as partes establecer un acordo marco de colaboración con base nas seguintes:

## CLAUSULAS

### PRIMEIRA: Finalidade do acordo

O obxecto deste Acordo marco é establecer as bases polas que rexerá a colaboración entre o Colexio oficial de Traballo Social de Galicia e a Federación Alzhéimer Galicia, para a posta en marcha e desenvolvemento de medidas de difusión e sensibilización en materia de Servizos Sociais no ámbito das persoas maiores e actividades no marco deste sector da poboación.

### SEGUNDA: Persoas destinatarias

As persoas destinatarias das medidas previstas neste acordo serán os profesionais do traballo social da rede pública de servizos sociais de atención primaria e especializada, do Servizo Galego de Saúde, das entidades de iniciativa social e entidades privadas así como aqueles outros profesionais cos que traballen dende un enfoque interdisciplinario, e aquelas persoas maiores sobre as que se basean as súas intervencións, estudos e investigacións, e igualmente as entidades da Rede que conforman FAGAL.

As persoas destinatarias das medidas previstas neste acordo serán as persoas cunha demencia neuridexenerativa, as súas familias e as persoas que exercen os seus coidados tanto de xeito formal coma informal e a rede pública de servizos sociais de atención primaria e especializada, do Servizo Galego de Saúde, das entidades de iniciativa social, entidades privadas e as entidades que conforman a Federación Alzhéimer Galicia a través dos profesionais do traballo social así como aqueles outros profesionais cos que traballen dende un enfoque interdisciplinaria, e aquelas persoas maiores sobre as que se basean as súas intervencións, estudos e investigacións

### TERCEIRA: Propostas xerais de colaboración

Ambas entidades comprométense a participar e colaborar activamente nas actividades e proxectos que se acorde establecer e que irán encamiñados, en termos xerais a:

1. Fomentar o intercambio de información e apoio técnico no eido da dependencia e xeito máis concreto no sector de persoas con Alzheimer e outras demencias ao igual que as persoas coidadoras.
2. Promover a investigación e a colaboración en aspectos formativos que poñan en marcha algunha das partes implicadas neste acordo, facilitando a difusión da actividade entre os respectivos colectivos e a participación dos profesionais especialistas na materia.
3. Difusión e sensibilización do papel dos profesionais do traballo social na súa intervención con maiores .
4. Promover a elaboración, publicación e difusión de materiais (de sensibilización, difusión, de boas prácticas, recomendacións...) que se consideren axeitados para algún dos grupos destinatarios deste acordo .
5. Facilitar o acceso web a ligazóns mutuas ao presente acordo e ás páxinas webs de ámbalas dúas entidades de referencia e posibilitar a difusión mutua de actividades de interese no ámbito da intervención sociosanitaria con persoas maiores.
6. Aquellas outras actividades de colaboración poidan resultar de interese mutuo para ámbalas dúas entidades.

#### CUARTA: Protección de datos e confidencialidade

As partes asinantes arbitrarán todas as medidas que sexan precisas para a debida custodia dos datos ós que teñan acceso e á confidencialidade no seu uso, nos termos que establece a Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

#### QUINTA: Seguimento e avaliación do acordo

Co obxecto de optimizar e valorar os resultados do presente acordo, constituirase unha Comisión de seguimento, composta por dous representantes do COTS e dous de FAGAL. Esta comisión reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano

#### SEXTO: Vixencia

O presente Acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e terá un período de vixencia indefinido, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes e cun preaviso de 30 días de antelación

O acordo obriga ao cumprimento do expresamente pactado, e as partes sométense ao acordado en todas as estipulacións. Como proba de conformidades, as partes intervintes asinan por triplicado este Acordo no lugar e data que se sinala ao inicio.

Juan Carlos Rodríguez Bernárdez  
Presidente de FAGAL



**FAGAL**  
FEDERACIÓN ALZHEIMER GALICIA

Asdo. Marta Capeáns Outeiro  
Presidenta do COTSG



Colegio Oficial  
de Diplomados  
en Traballo Social de  
Galicia